

LIBRO DO MAL AMOR

• Haikus contra a violencia de xénero •

XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

Limiar /5

Pasiño a pasiño /7

Actividade didáctica /9

Alumnado /11

Profesorado /91

Colaboracións /99

O día 25 de novembro conmemoramos o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero. Son xa moitos os anos nos que dende as institucións públicas se conmemora ese día; así cada 25 de novembro sucédense os actos, as xornadas e as campañas, todo isto coa fin de rexeitar publicamente unha lacra execrable que nos avergoña como sociedade; son xa moitos os anos, pero, lamentablemente, a violencia machista segue presente nas nosas vidas e no noso entorno; ás veces son en aparencia, pequenas cousas, as chamadas microviolencias que máis tarde ou máis cedo poden estoupar en episodios graves de violencia.

Na busca de solucións preventivas e co obxectivo de atallar este problema, a Secretaría Xeral da Igualdade pon en marcha cada ano accións encamiñadas a facer reflexionar aos mozos e mozas sobre a existencia de violencia nos seus modos de relacionarse, pois a xente nova ten tamén unha responsabilidade importante na contribución dun futuro mellor para todas e todos.

Por iso, dende a Xunta de Galicia amosamos grande satisfacción en poder apoiar un traballo como este: *O libro do mal amor*, impulsado dende o IES Laxeiro de Lalín, por profesorado enormemente implicado na prevención e loita contra a violencia machista.

Finalmente non podemos deixar de mencionar e admirar a participación desinteresada e xenerosa de escritores e escritoras, ilustradores e ilustradoras, quen cos seus Haikus e ilustracións contribúen de xeito persoal a esta publicación, e por suposto, as alumnas e os alumnos do IES Laxeiro de Lalín, que consideraron importante contribuír coa súa participación a unha loita xusta a prol dos dereitos humanos, dos dereitos das mulleres a vivir sen violencia, una loita a prol da xustiza social e da igualdade de mulleres e homes, a unha loita en definitiva, contra o Mal Amor A todas e a todos, moitas grazas.

SUSANA LÓPEZ ABELLA
Secretaria xeral da Igualdade

PASIÑO A PASIÑO

Foi nun obradoiro de poesía cando Raúl Vacas nos falou da posibilidade de realizar co alumnado Haikus contra a violencia de xénero (haiku, poema breve que é capaz de plasmar a traxedia - neste caso - dun xeito profundo e sinxelo), reuníndoos nun chamado “Libro do Mal Amor”. A proposta foi directamente a un caderno nomeado “Proxectos para un novo centro”, pois daquela souben do meu traslado, estreando os meus apuntamentos.

Nunha das primeiras reunións de Departamento expuxen a actividade co propósito de que todo o alumnado participase. Grazas á cooperación de todos os membros, a idea deixou de selo materializándose e converténdose en traballo de aula.

Logo, un paso máis. O Departamento de Plástica apoiou asemade a iniciativa de que o seu alumnado ilustrase as producións presentadas anteriormente en forma poética. E aí comezou a tomar forma un labor colaborativo fermoso: a reflexión sobre violencia e machismo facíase arte escrita e pictórica.

Postos a dar pasos, un xigantesco. E se...? Si, atrevémonos. Carlos Negro, poeta amigo, accedeu gustoso a colaborar. Chus Pato, poeta compañeira, o mesmo. Logo, a bóla de neve comezou a rodar, e escritores e escritoras mandaron a súa pinga de auga deste océano que estabamos a crear, un mar de versos respirando conxuntamente para que aboiasse a loita social.

Esta contribución poética merecía Arte. E tivérona, xaora. Mar García e Aránzazu Diñeiro colleron os pinceis para expresar en cor o poema que escritores e escritoras mandaban en palabra.

Pero a vida esixe seguir avanzando. Todo isto estaba nos blogues, en cartaces, nas redes sociais. Restaba un e definitivo paso: a publicación en forma de libro. Foi entón cando Mar e mais eu nos presentamos ante a Secretaria Xeral de Igualdade propondo algo que semellaba afastado.

E gustou.

Tanto, que aquí está, nas vosas mans.

Aínda non rematou a andaina. Novas mans abrirán este libro para recapacitaren. Novas olladas neste peirao necesario para que a nosa pugna se volva viral. Necesitamos reflexionar e cuestionarnos unha sociedade patriarcal que asasina mulleres só polo feito de selo.

Porque desde hai anos temos conciencia de que existe un andazo social que debemos combater por todos os medios, e máis dende o noso ámbito, o educativo. Porque o noso alumnado está nunha franxa de idade crucial para ver con miradas espertas onde radica o perigo. A violencia de xénero non son só golpes e asasinatos, é unha forma de control sutil e corrosiva que vai devastando pouco a pouco, que vai minando a autoestima dunha moza que logo será muller mutilada e destruída. Pretendemos abrir os ollos a mozos e mozas ante unha sociedade que inculca determinados roles sociais a base de estereotipos equivocados que rematan en patróns de conduta violentos e aniquiladores, por un lado, e en vítimas polo outro.


Moito camiño temos por diante aínda: vivindo en constante cambio, as mensaxes de amor romántico seguen retrotraéndonos a un pasado de subordinación intrínseca das mulleres. Son os comportamentos de posesión, non respecto, violencia e engano os que fan dano en nome do MAL AMOR, pero non do Amor. Seremos quen de construír novas formas de amar que non danen, amores que non aten con cadeados e que non se transformen en centros de vida?

GRACIA SANTORUM

Profesora de Lingua e Literatura Galega do IES Laxeiro



Actividade Didáctica



Alumnado



*penso en violencia
penso en miles de mortes
penso en mulleres.*

LUCÍA NOVOA FROIZ



Quero ser libre
Quero ser un paxaro
Quero voar

MONSERRAT VÁZQUEZ FRAIZ



El e ela sós
No medio da penumbra
Castigo morto


MIGUEL LAMAZARES FERNÁNDEZ



MANUEL A. AMOR HERNÁNDEZ

Días oscuros
Homes maltratadores
En noites claras

ANDREA CARBALLUDE BELEDA



*Un home e mais
Unha muller non son
moi diferentes*

ÍKER GONZÁLEZ RODRÍGUEZ




*Ilusiones rotas
por un maltratador
Corazón pobre*

ELENA IGLESIAS MEDELA



Ollos chorosos
Eles son o teu cárcere
Corazón roto

ENMANUEL MOSQUERA FOCIÑOS



*Brilla o sol
Pero non o amor
Na habitación*

DANIEL SOUTO FROJÁN



*Amor en guerra
muller desesperada
a man alzada*

IVÁN MOREIRA BARREIRO



Non a maltrates
Díxome a margarida
Véndose calva

CARLA GONZÁLEZ SILVA




*Ollos morados
e bágoas que caen
Berros no ar*

SOLEDAD OTERO GÓMEZ



*Bágoas delas
Non as queremos, non
Amor é aprecio*


LAURA NOVOA FROIZ



JENNIFER FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ - PILAR GONZÁLEZ GUIMARAES
SERGIO SAAVEDRA PENIDO - CARLOS OTERO GONZÁLEZ

*bágoas caen
cal fráxil bolboreta
veas marcadas*

ANA GARCÍA LOIS



*Non che son ttere
con quen poder xogar
nin maltratar*

CRISTINA COSTELA SEARA



*A noite chega
entre os puños brancos
aterradora.*

ADRIÁN MARÍN PRIETO



*Volviches dar
Corazón xa partido
Dis amor... NON!*

JORGE GARCÍA GARCÍA





*Medo nos ollos
Bágoas nas meixelas
Golpes, desprezo*

DIEGO PEREIRO GONZÁLEZ



ZAIRA GONZÁLEZ SÁNCHEZ
EVA MARÍA GONZÁLEZ TREVÍN
AVELINO SOUTO ROZADOS

*Medo ós días
O seu chegar doía
Ninguén o vía.*

LAURA CARELLI CORTIZO



Amores falsos
Promesas incumplidas
Machismo cero!

ALBA RODRÍGUEZ ROIS




*Unha flor chora
e unha rosa tamén
Bágoas ten*

ADRIÁN DOVAL ESTÉVEZ



Choros e berros
Entre catro paredes
Amor mortal

DAVID DE LA TORRE FERNÁNDEZ



*Berros, bágoas
perdidas, cada noite
e cada día*

LAURA CASTRO PINZÓN



*Tantas historias
Non hai finais felices
A onde levan?*

ADRIANA CANGADO COSTA



*Sempre te quixo.
déixaslle marcas negras,
pides perdón.*

ANABEL RAMOS BENDOIRO



Síntome escrava
En mans dos beizos teus
Síntome obxecto

ANA SANTALLA GARRIDO



*Non chores dona,
Viviches un inferno
Xa voas libre!*

FRANCISCO JAVIER RIVAS SANTOMÉ



*Gozar da vida
Violencia de xénero
Quedar sen ela*

DIEGO AGRA BARREIRO



*Por ser muller
Non inferior te sintas
Alza a túa voz!*

ALBA GARCÍA GONZÁLEZ



*Cada golpe é
Unha bágoa de sangue
e mil feridas*

LAURA SOENGAS COEGO



*Maltratada é
co seu corazón roto
ninguén a ve*

DAVID DÍAZ CARBALLAL



*Folla que cae
árbore triste que chora
Corazón que arde*

DAVID TABOADA DOVAL



*Non caerei,
nunca, nun mar de bágoas
Valor xa teño*

ÁNXELA BARRIO VARELA




*Tragar saliva
Puñadas perdoar
Dime qué fixen*

MARÍA VIANA ROZAS



*Dis sentir amor
Se danas ou maltratas
Amor non tes, non!*

BRAIS LALÍN SILVA



*Golpes, insultos,
humillacións e dores
Isto é amor?*


JUAN MANUEL PÉREZ PEDROUZO



*Corazón roto
por un maltratador
sen corazón*

DAVID BESTEIRO PEREIRO





*Quero espertar
Do soño que me mata
Volver á vida*

LARA VERDE IGLESIAS

*Caen as bágoas
porque levantou a man
Morreu o amor*

MARÍA JÁCOME IGLESIAS



*Deixouna rota
E nunca, nunca máis
volveu amar*

NOELIA BLANCO PÁJARO



*Xa non hai dor
Son forte e non o ves
Derroteite xa*

FÉLIX ESTÉVEZ MONTEAGUDO



*Non sufras máis,
Non mires para atrás,
Non morrerás.*

MARCOS SAMPAYO PARDO




*Falar non pode,
pedir axuda menos.
El non a deixa.*

MARÍA IGLESIAS IGLESIAS



*Túa violencia
A miña noite en pena
Falso perdón*

LAURA GARCÍA MOLDES



*Querer voar libre
mais ter que ir a pé
levándote el*

FRANCISCO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ



*A neve branca
O meu corazón negro
Cando me berras*

NEREA RAMOS IGLESIAS



*Bágoas saltan
no corazón dorido
Anegan mares*

MARÍA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ



*Discusións, berros,
os pratos estragados.
Ela só chora.*

REBECA FERNÁNDEZ PICHEL



Mantente forte
Segue cara adiante
Loita por ti

MARTA OJEA GUTIÉRREZ



*Son marioneta
en mans violentas que
teñen poder*

NOELIA RIVADULLA MÉNDEZ



Indesexable
Es ti a miña morte
Maltratador

NEREA ÁLVAREZ GONZÁLEZ



*Querer e odiar
son un seguro exemplo
dun mal amor*

TELMO GARCÍA CASTRO



Vinte e catro horas
Mil bágoas derramadas
Por violacións

ZAIRA MÍGUEZ LÓPEZ



*Portas pechadas
Sempre medo no corpo
Xustiza xa!!!*

SARA DAPARTE BARROS



*Na escuridade
o teu pranto reflicte
A túa dor*

MIGUEL GONZÁLEZ TABOADA



*Castigar sempre
ningunha compaixón
de trás das reixas.*

RUBÉN TABOADA SILVA



*Contra a violencia
toda a xente unida
ten que loitar*

JACOBO JORGE HERMIDA



*Sente ao falar
Do home co que casa
Presente medo*

NOELIA FERREIRO REBOREDO




*Tristes palabras
Esquecidas as notas
Da túa canción*

LAURA MARIÑO GARCÍA



*Seres violentos
As dores agochadas
Só sufrimento*

MARÍA JOSÉ PRESAS GIMBUTIS



RODRIGO VÁZQUEZ CARAMÉS

*Nervios, soidade
coa mirada sen luz
a liberdade*

MARCOS DOVAL ESTÉVEZ



*A maquillaxe
pode tapar os golpes
mais non a dor*

JULIA CACHEDA COUTO



*A muller chora,
ás veces en silencio
sen que a vexan.*

LARA RODRÍGUEZ SOTO




*Cinto ben solto
O camiño sen sinais
Corazón roto*

LORENA VÁZQUEZ CODESIDO




*“Cando maltrato
deixo de ser persoa”
Debes pensar*

RAQUEL GARCÍA RO



*Os grilos cantan
A noite achégase
Os berros chegan*

UXÍO SILVA ÁLVAREZ



*Faslle gran dano
Berros, negróns, caricias
De ti depende*

HUGO DAFONTE SENANDE






E sea querido
pasou de ser q. amado
a ser q. vítima

*E sen querido
pasou de ser a amada
a ser a vítima*

VERÓNICA GONZÁLEZ SALAS

*O maltrato é
covardía do home
sen argumentos*

NATALIA GONZÁLEZ MOURIÑO




*Que sufrimento
A besta dentro mora
e ela atrapada*

REBECA LEDO BARREIRO



*Medo plasmado
na súa triste mirada.
Está a chegar.*

JUAN SIEIRO REBOREDO



*Muller espello
a dor faina chorar
corpo ferido.*

VERÓNICA VÁZQUEZ PUMEDA



Non, o coitelo
Non, a puñada, non
As mans abaixo

MARIO SILVA CANDA



*Está tan cega
Coma quen sol non ve
Por culpa del*

TATIANA TABOADA SILVA



*Unha muller
non é xoguete para
utilizar*

SUEVIA JÁCOME BELAY





Sangue xeado
Pensando en maltratar
Corazón negro

LUCÍA OTERO GÓMEZ



Non son un xogo
Non podes maltratarme
Como che praza

NOELIA CARREIRA SAAVEDRA



Estamos soas
Entre catro paredes
Ensanguentadas

BELÉN TABOADA BARROS



[The page contains a large, faint watermark or bleed-through from the reverse side, which is illegible.]

Profesorado



*Silencio. Nunca
máis! Berra forte agora.
Non o permitas.*


GRACIA SANTORUM



Querida, luz
Querida, gris tormenta
Querida, negro

LUÍS JAR





*Vivo no medo,
fero can que mordes
os meus adentros*

MANUEL BUSTO


*Vin un paxaro
leva fio no pico...
dor de inverno*

UXÍO GRANDE



*Cal toxo seco
vivía sen chorimas
triste soidade*

XAVIER GALEGO





An aerial photograph of a mountainous landscape, likely in the Andes. The terrain is rugged and mountainous, with a herd of sheep grazing in the lower, flatter areas. The entire image is overlaid with a semi-transparent purple filter. The word "Colaboracións" is centered in white text.

Colaboracións



*fronte aos astros
esquezo e corazón
danzar é ceibe*

CHUS PATO



MAR GARCÍA

*Deixou o vento
as árbores espidas.
En min, tristeza.*

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ



*Eles, xa donos,
someteron as deusas
e a nai terra.*

XESÚS RÁBADE PAREDE



*Amarrada a el
Tremar co gozo triste
da que se abaixa*

XINA VEGA



*Pinga a pinga
alto o sangue berra
o amor fuxiu*

ALFREDO FERREIRO



*Non teña medo.
Agárdanos un mar
e somos velas.*

ANA M^a FERNÁNDEZ



*Ningunha flor
nun puño medrará.
Terra, auga, ceo.*


MAR BENEGAS



*man pechada cor
que se espalla morada
nas miñas asas*

MARÍA REIMÓNDEZ





*fenda de lila
aire berro corazón
que dentro bate*

ANTÍA OTERO



*Tres labazadas
remata a discusión
desta parella*

JESÚS GE



*en mar ardemos,
nun soño en Oia ardemos
Resga o océano*

ORIANA MÉNDEZ



*Detente e mírame
Ti non es máis ca min:
bate a soberbia.*

HELENA VILLAR JANEIRO



*Trebón que bate
nos ollos da inocencia,
morte dos sonhos*

CHISCO FERNÁNDEZ NAVAL



*Ai, falso amante
non me fales de paces,
mentres me feres.*

JORDI SIERRA I FABRA




*Busca quen es
lonxe de amarga sombra
e xa non tremas.*

ROSA HUERTAS




*Arde de amor
luz da estrela fugaz,
cinsa agostada*

ANTONIO REIGOSA



*Secan os ríos.
A morte chega lenta.
O sangue cala.*

MARÍA DO CEBREIRO



*Toco cos dedos
a luz nova do día.
Pasos tan lenes.*

XABIER DOCAMPO



*A rosa branca
curva signos vermellos
na desolación.*

ANTÓN RIVEIRO COELLO



*Primavera foi
prender lume ás inxurias
que me xeaban.*

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL



*Verse no espello.
Pensar en Hiroshima
despois da bomba.*

LEDICIA COSTAS



*As merendeiras,
bicos do Ceo á Terra.
Botas de caza*

XOÁN BABARRO



*Bágoas frías
mollan negras gadoupas.
Berra o silencio.*

ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO



*Todo en calma.
Ti xa non estás aquí,
ninguén me dana.*

JOAN MANUEL GISBERT



*Non é princesa
Cántase dona de seu
Puño detido.*

FRANCISCO CASTRO



*Sombra anónima
da morte en propiedade
Elas Somos Nós!*

MERCEDES QUEIXAS




*Abre o armario
escachiza os seus tops
e minisaias*

RAÚL VACAS



*Non, non e non.
Cando digo non é non.
Non é talvez: non*

ROSA ANEIROS



*Só queredría
Atopar entre a brétema
Sombra da luz*

XOSÉ COBAS



Tiña un sorriso
Despois un campo morto
Labios e dentes

LUCÍA ALDAO



*Vexo negrura
na liña do horizonte.
Dor nas feridas.*

CONCHA BLANCO



*Escura noite
cobre tebrosa o ceo.
É o inferno.*

MARÍA CANOSA



*Arredar de si
a man que todo xea
voltando á vida*

DORES TEMBRÁS





*Espeluxada
Unha árbore sen follas
Treme co frío!*

XAVIER QUEIPO

*Soa contigo
e en perigo ao teu lado.
Final da historia.*


JUAN CARLOS MARTÍN RAMOS



*As cicatrizes
vomitan sangue morto
na marca da man.*

XOSÉ DANIEL COSTA CURRÁS




An abstract drawing on a white background. It features a complex, tangled structure of lines. The primary color is a dark red or maroon, with some black lines interspersed. The lines are thick and expressive, creating a sense of movement and depth. The overall form is somewhat organic and resembles a stylized, abstract figure or a dense, layered structure. The lines radiate from a central point, extending towards the edges of the frame.


*Alegria no corpo
independencia sermos
Amoramarte.*

MARGA DO VAL

HAI-DOR
Golpes de gorxa
as palabras que feren:
morte de Amor.

MIRO VILLAR



The image features a dark, textured background, possibly a wall or a piece of fabric, with a prominent red stain. The stain is located on a white horizontal band that runs across the middle of the image. The stain is irregular in shape, with a bulbous top and a thin, vertical tail extending downwards. The overall composition is minimalist and evocative.

*ASÍ COMEZA
El dixo puta.
O vento levantouse.
Todo cambiou.*

YOLANDA CASTAÑO

*Meu ollo mourén
máis ca un caritel
é o teu cuño de odio*

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN



Voaron corvos machos
Vai sol
Levantouse un vento de voz

CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN



MEDIDA NADA POÉTICA

*O teu amor mide
menos de sete sílabas:
tres de maltrato.*

CARLOS NEGRO



COLABORADORES E COLABORADORAS POR ORDE ALFABÉTICA

Agustín Fernández Paz
Alfredo Ferreiro
Ana M^a Fernández
Antía Otero
Antón Riveiro Coello
Antonio García Teijeiro
Antonio Reigosa
Carlos Negro
Celso Fernández Sanmartín
Concha Blanco
Chisco Fernández Naval
Chus Pato
Dores Tembrás
Francisco Castro
Helena Uillar Janeiro
Jesús Ge
Joan Manuel Gisbert
Jordi Sierra I Fabra
Juan Carlos Martín Ramos
Leticia Costas
Lucía Aldao
Mar Benegas
Marga Do Val
María Canosa
María Do Cebreiro
María Reimóndez
María Xosé Queizán
Mercedes Queixas
Miro Uillar
Oriana Méndez
Raúl Vacas
Rosa Aneiros
Rosa Huertas
Rosalía Fernández Rial
Xabier Docampo
Xavier Queipo
Xesús Rábade Parede
Xina Uega
Xoán Babarro
Xosé Cobas
Xosé Daniel Costa Currás
Yolanda Castaño

PROFESORADO POR ORDE ALFABÉTICA DOS APELIDOS

Manuel Busto
Xavier Galego
Uxío Grande
Luis Jar
Gracia Santorum

ALUMNADO POR ORDE ALFABÉTICA DOS APELIDOS

Diego Agra Barreiro
Roberto Agra Buján
David Agra Rebolo
Mónica Alba Iglesias
Nerea Álvarez González
Manuel A. Amor Hernández
Ánxela Barrio Varela
David Besteiro Pereiro
Celia Blanco Areán
Alberto Blanco Iglesias
Noelia Blanco Pájaro
Silvia Bruguera Pereiro
Begoña Buján García
Íker Calvo Pérez
Adriana Cangado Costa
Sara Caramés Fernández
Sergio Caramés Otero
Andrea Carballude Beleda
Laura Carelli Cortizo
Noelia Carreira Saavedra
Laura Castro Pinzón
Javier Castro Soto
Nuria Cerdeira Rey
Bruno César Alves
Cristina Costela Seara
Miguel Da Cunha Pedreira
Hugo Dafonte Senande
Sara Daparte Barros
David Daparte Deza
David de la Torre Fernández
David Díaz Carballal
Nuria Dobarro Sánchez
Adrián Doval Estévez
Marcos Doval Estévez
Félix Estévez Monteagudo
José Manuel Fariña Molares
Valeria Fernández Blanco
Alejandro Fernández Liñares
Héctor Fernández Pereiro
Rebeca Fernández Pichel
Jennifer Fernández Rodríguez
Nerea Fernández Rodríguez
Noelia Ferreiro Reboredo
Noelia García Bermúdez
Telmo García Castro
Brais García Fernández
Jorge García García
Alba García González
Ana García Lois
Andrea García Méndez
Laura García Moldes

Alba García Otero
Raquel García Rodríguez
Daniel Gaviño Suco
Alba Gómez Barros
Agustín González Cela
Ana González Fernández
Pilar González Guimaraes
Jorge González Méndez
Natalia González Mouriño
Íker González Rodríguez
Verónica González Salas
Zaira González Sánchez
Carla González Silva
Beatriz González Taboada
Miguel González Taboada
Eva María González Trevín
Javier Iglesias Azurmendi
Sheila Iglesias Crespo
María Iglesias Iglesias
Elena Iglesias Medela
Aitana Iglesias Rodríguez
Suevia Jácome Belay
María Jácome Iglesias
Jacobo Jorge Hermida
Vanesa Lalin Pousa
Brais Lalin Silva
Daniel Lamas Ullanueva
Miguel Lamazares Fernández
Rebeca Ledo Barreiro
Lucía Leiva Diéguez
José López Fariña
María López Piñeiro
Idoya López Sa
Gabriel López Santiso
Lucía Louzao Bértolo
Adrián Marín Prieto
Irene Mariño Baldonado
Laura Mariño García
Adrián Matanzas Barros
Adrián Mato Rodríguez
David Meijome Seijas
Zaira Míguez López
David Molanes Martínez
Iván Moreira Barreiro
Enmanuel Mosquera Fociños
Luna Mouniati Ferradás
Carlota Muñoz Rielo
Laura Novoa Froiz
Lucía Novoa Froiz
Marta Ojea Gutiérrez
Brais Oro García

Lucía Otero Gómez
Soledad Otero Gómez
Carlos Otero González
Alberte Payo Lara
Luis Penalta Muíños
Katia Pereira González
Diego Pereiro González
Juan Manuel Pérez Pedrouzo
Facundo Peyret Oviado
María José Presas Gimbutis
Noa Presas González
Sergio Quinteiro Varela
Anabel Ramos Bendoiro
Nerea Ramos Iglesias
Noelia Rivadulla Méndez
Francisco Javier Rivas Santomé
Santiago Rodríguez Baldonado
Francisco Rodríguez Fernández
Jenny Rodríguez García
María Rodríguez González
Alba Rodríguez Rois
Lara Rodríguez Soto
Antía Rozas Rozas
Sergio Saavedra Penido
Marcos Sampayo Pardo
Helena Santalla Fernández
Ana Santalla Garrido
Juan Sieiro Reboredo
Uxío Silva Álvarez
Mario Silva Canda
Laura Soengas Coego
Daniel Souto Froján
Avelino Souto Rozados
Belén Taboada Barros
David Taboada Doval
Rubén Taboada Silva
Tatiana Taboada Silva
Iria Varela Varela
Andrea Vázquez Álvarez
Rodrigo Vázquez Caramés
Lorena Vázquez Codesido
Montserrat Vázquez Fraiz
Luis Alberto Vázquez Pumeda
Verónica Vázquez Pumeda
Noelia Vázquez Val
Lara Verde Iglesias
Tomás Viana Fernández
María Viana Rozas
Noa Villar Gallego
Yahya Zerguit